



14.- O cambio dinástico e a guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht)

En 1700, a morte sin descendencia do rei Carlos II, último representante da casa de Austria (ou *Habsburgo*) en España, provocou un importante problema político, tanto interno coma externo xa que había dous candidatos a sucedelo:

- ❑ **Filipe de Anjou**, (futuro **Filipe V** de España desde 1700) da familia Borbón, neto do rei de Francia Luis XIV. Era a opción elixida no testamento de Carlos II xa que o apoio de Francia, principal potencia continental do momento, permitiría conservar a integridade territorial da monarquía española e defender as posesións en América.
- ❑ O **arquiduque Carlos de Austria** (fillo do emperador austriaco) apoiado por Austria e as potencias marítimas (Inglaterra e Holanda). Opoñíanse á hexemonía francesa en Europa, mantiñan ambicións sobre o Imperio español e o comercio colonial.

O conflito internacional

O **perigo da hexemonía francesa en Europa** provocou o enfrontamento do bloque franco-español contra unha **grande alianza** encabezada por Austria con Gran Bretaña, as Provincias Unidas (Holanda), Prusia, Saboia e Portugal.

A guerra desenvolveuse tanto dentro como fora da península; destacando a ocupación británica de Xibraltar (1704) e a batalla de Almansa (1707) coa victoria das tropas franco-españolas. A partir de 1711 o **acceso de Carlos ao trono austriaco** (co perigo de que unira a ese trono o español) e a renuncia de Filipe ao trono francés facilitaron a fin do conflito.

Nos **tratados de Utrecht** (1713) e **Rastatt** (1714) púxose fin ó conflito internacional e estableceuse un novo sistema de relacións internacionais baseado no equilibrio entre as grandes potencias:

- **Filipe V**, da dinastía francesa dos Borbóns, foi recoñecido como **rei de España**
- **España perdeu as súas posesións en Europa**, que pasaron principalmente a Austria (Países Baixos, territorios italianos); e converteuse nunha potencia de segundo orden que se concentrou en preservar América.
- O **Reino Unido** obtivo Xibraltar, Menorca e importantes concesións no comercio coa América hispánica: o dereito a enviar anualmente un barco cargado de mercancías (o *navío de permiso*) e a exclusiva do comercio de escravos nestes territorios (*asiento de negros*). Gran Bretaña **confirmouse como a principal potencia marítima**.





O conflito interno

En España o conflito sucesorio converteuse nunha **guerra civil** e nun **enfrentamento entre dúas concepcións do Estado: a centralista e a foralista**.

- **Castela en liñas xerais foi partidaria de Filipe V**. O apoio popular a Filipe V baseábase nas esperanzas de cambio e reformas suscitadas polo novo rei e na idea de que o apoio de Francia permitiría defender o imperio.

- A **coroa de Aragón** (Aragón, Cataluña, Valencia e Mallorca) posicionouse a favor do arquiduque Carlos por varias razóns:

- O temor ás tendencias absolutistas e centralizadoras do modelo absolutista do novo rei. Defendían o sistema *pactista* seguido polos Austrias que establecía privilexios de autogoberno para estes territorios.
- A eficacia da propaganda austracista entre os sectores populares, aos que prometía medidas contra os señores (en Valencia o conflito tomou o cariz dunha revolta antiseñorial).
- A animadversión en Cataluña contra os franceses pola súa actuación durante a sublevación de 1640.

Tras a batalla de Almansa (1707) as tropas de Filipe V ocuparon o reino de Valencia e en 1710 Aragón. A guerra continuou ata que Filipe V conquistou Barcelona en 1714 e Mallorca en 1715.

As **consecuencias** da guerra foron moi importantes xa que a chegada da nova dinastía supuxo a **instauración da monarquía absoluta** en España e un **cambio drástico na configuración política e administrativa**.





15. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos

Filipe V, inspirando nas políticas do seu avó Luis XIV de Francia, levou a cabo unha fonda transformación das formas de goberno da monarquía española, seguindo os principios do absolutismo, o centralismo e a racionalización administrativa. Esta transformación traducíuse nunha ampla reforma das institucións e do funcionamento da administración. O reforzamento do poder real, segundo conceptos do absolutismo monárquico, esixía esta a centralización e a uniformización xa que respondía á idea de que a eficiencia administrativa equivalía á administración directa polo rei. Ademais, deste xeito, pretendíase facer fronte á decadencia da monarquía hispánica.

Os Decretos de Nova Planta son a mellor mostra deste proceso. Baixo esta denominación coñécense un conxunto de normas que provocaron a supresión do réxime foral da Coroa de Aragón, das súas institucións e leis propias e a súa substitución polo modelo de Castela. Foi unha reforma auspiciada polo monarca Filipe V de Borbón, inspirándose no modelo francés, co obxectivo de lograr maior grao de centralización territorial, mediante a unificación legislativa e institucional.

O apoio dos integrantes da Coroa de Aragón a Carlos de Austria durante a Guerra de Sucesión española motivaría e xustificaría a súa aplicación ao considerar a estes reinos rebeldes. Esta aplicación fíxose en paralelo ao dominio efectivo dos Borbóns sobre os diferentes espazos: os decretos para os reinos de Valencia e Aragón en 1707, para o reino de Mallorca en 1715 e para o Principado de Cataluña en 1716. As principais medidas reguladas nos decretos foron a supresión do Consello de Aragón e a abolición das Cortes de Aragón, Valencia e Cataluña. Tamén se suprimiron os virreis e introducíronse nos diversos territorios institucións casteláns destinadas a garantir un maior control dos mesmos (audiencias, capitáns xerais, intendentes, corrixidores). A reordenación estendeuse á facenda, aínda que non supuxo a introdución dos tributos casteláns, senón a implantación dun sistema tributario novo. O modelo estaba baseado nun único imposto de cotas fixas, repartido en función da riqueza dos veciños, que inspiraría o proxecto da *única contribución* que despois intentou implantar en Castela o marqués da Ensenada. A supresión das aduanas interiores sería outra das medidas adoptadas entón, xunto coa imposición do castelán como lingua da administración.

Ademais dos cambios homoxeneizadores na administración territorial, o absolutismo e a modernización tamén afectaron á administración central, suprimíndose consellos (os consellos territoriais como o de Aragón pasaron a integrarse no Consello de Castela), reducindo ás Cortes a unha tarefa cerimonial e creando novas institucións e órganos de goberno que respondían directamente ao monarca, como os secretarios de despacho (antecedente dos modernos ministerios).





As políticas absolutistas e centralistas supuxeron unha profunda alteración da constitución tradicional da monarquía española: o antigo agregado de coroas e reinos que mantiñan as súas propias institucións e leis formado a partir dos Reis Católicos, deu paso a un estado centralista. Os decretos de Nova Planta converteron os antigos reinos da Coroa de Aragon en provincias gobernadas por un capitán xeral (militarizando a administración) desenvolvendo un sistema provincial que se xeneralizou a toda España.

Pese a todo, aínda que se reforzou o poder da monarquía e se configurou unha administración máis directa e eficaz, tratouse dun proceso de centralización incompleto xa que se conservaron moitas prácticas do pasado e institucións tradicionais (mantivéronse algúns Consellos como o de Castela, gran parte do territorio estaba baixo o réxime e a xurisdicción señorial) e territorios como o País Vasco e Navarra mantiveron os seus *fueros* e privilexios pola súa fidelidade a Filipe V na Guerra de Sucesión. Tamén se debe tomar en consideración que, especialmente en Cataluña, persistiu o recordo das liberdades perdidas en 1714 e a súa reivindicación será a base de futuras mobilizacións políticas.





16. O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial)

Tras a Guerra de Sucesión Filipe V e os seus sucesores víronse na obriga de modernizar o exército e a armada para reforzar a posición de España no contexto internacional. No relativo á mariña, a armada española era fundamental na defensa das rutas comerciais con América. Seguindo os principios do absolutismo centralista da nova filosofía de goberno, Felipe V unificou as distintas escuadras nunha única armada real e estableceuse a recruta obrigatoria de mariñeiros por medio da matrícula de mar (1737). Para unha mellor administración José Patiño, ministro de Filipe V, dividiu a costa española en tres Departamentos Marítimos en 1726: Cádiz, Ferrol e Cartaxena. En cada unha desas cidades estableceuse un arsenal, seguindo o modelo francés de instalacións combinadas de estaleiros e almacéns de armas, que fomentaron a construción naval e o incremento de buques de guerra. Estas políticas terán continuidade no reinado de Fernando VI que intentará reforzar a posición internacional de España e prestará atención prioritaria ó desenvolvemento e modernización da armada a mans do marqués da Ensenada.

As reformas na mariña tiveron importantes repercusións en Galicia. Dunha parte, a matrícula de mar tivo un grande impacto nos núcleos pesqueiros do país causando malestar polo seu carácter forzoso. Doutra, a escolla de Ferrol como capital do Departamento Marítimo do Norte e unha das bases das Armadas Reais en 1726 fixo que unha pequena poboación mariñeira se transformase nunha cidade, coa conseguente transformación social e urbanística (no barrio da Magdalena seguiu un trazado urbanístico en forma de dameiro moi do gusto dos arquitectos ilustrados). A partir de 1746, co marqués da Ensenada, ministro de Fernando VI, iniciouse a construción dos estaleiros e do arsenal que converteron a Ferrol na principal cidade de Galicia que chegou a contar, a finais de século, con 25.000 habitantes. O impacto desta elección non se restrinxe á cidade departamental, senón que grazas a Ferrol, Galicia, cunha economía esencialmente agraria, contou co seu primeiro núcleo industrial polo desenvolvemento da construción naval no arsenal.

Na segunda metade d s. XVIII os gobernos de Carlos III intentaron desenvolver políticas reformistas inspiradas nos principios ilustrados sen renunciar ao absolutismo político. Entre as medidas reformistas, que buscaban o desenvolvemento económico, destaca a política de liberalización do comercio con América que suprimiu o monopolio deste comercio que detentaba Cádiz. En 1765 permitiuse comerciar directamente con América a varios portos españois, entre eles o da Coruña. Ademáis, no ano anterior (1764), o goberno de Carlos III establecera na Coruña o Servizo de Correos Marítimos. Esta era unha compañía estatal de buques encargada de levar a correspondencia oficial e privada cara ao porto da Habana e (desde 1767) a Bos Aires, que tamén podían transportar persoas e





mercadorías. Ambas concesións contribuíron a favorecer o crecemento comercial da Coruña e a renovación urbanística e portuaria da cidade.

A existencia dos Correos Marítimos, o privilexio de poder comerciar con América, o funcionamento do Arsenal da Mariña, xunto coa existencia de importantes materias primas (como o liño e a sardiña) permitiron, ao longo do século XVIII o incremento das actividades mercantís en Galicia, principalmente nos seus portos e, en especial na Coruña. Así mesmo, atraídos por esas vantaxes, produciuse o asentamento de numerosos comerciantes foráneos, principalmente vascos, asturianos, maragatos e cataláns. Eles convertéronse nos principais dinamizadores do sector, creando numerosos negocios e introducindo importantes innovacións. Cabe destacar o caso de:

- Os *fomentadores cataláns*, comerciantes que dinamizaron o sector pesqueiro introducindo novas técnicas de pesca (xávega) e de conservación (salga), así como o traballo asalariado e a comercialización a grande escala.
- O proxecto de Antonio Raimundo Ibáñez, que puxo en marcha as Reais Fábricas de Sargadelos, inicialmente un complexo siderometalúrxico para abastecer ao exército e logo unha industria cerámica.





17.- As ideas fundamentais do pensamento ilustrado.

A Ilustración foi o movemento intelectual máis característico da Europa do século XVIII. Partindo da crítica ao pensamento tradicional e a sociedade do seu tempo, a Ilustración defendeu o coñecemento baseado na razón para loitar contra a superstición e a ignorancia, así como fomentar as ciencias experimentais que, xunto co desenvolvemento económico e as reformas sociais e políticas, levarían ao progreso e o benestar.

Na procura dos seus obxectivos, os ilustrados españois propuxeron proxectos de reforma que buscaban solucionar os problemas que identificaban na España do século XVIII: a ignorancia, o atraso económico, a debilidade da agricultura, os privilexios estamentais ou as formas de goberno, foron asuntos de reflexión da Ilustración española.

Consideraban que todas as persoas buscan a felicidade e que iso debe ser a base dunha organización social racional. Deste xeito, débese respectar a liberdade individual e a igualdade de dereitos e obrigacións de cada persoa. Estas ideas cuestionan os fundamentos da sociedade estamental, baseada na desigualdade e os privilexios.

A defensa da liberdade tamén marcou o pensamento económico e político¹. Influidos pola fisiocracia e o liberalismo económico apostaron por liberalizacións para fomentar o desenvolvemento. Así foron partidarios da liberdade de comercio e opuxéronse ao réxime señorial que convertía en propiedades invendibles (amortizadas) as que pertencían á Igrexa ou a morgados nobiliarios. A nivel político, as ideas da Ilustración francesa como a separación de poderes influíron nos pensadores españois pero a maioría optou por colaborar coa monarquía e así impulsar as reformas dende o goberno.

Para os ilustrados o papel do ensino era fundamental para a mellora cultural do país e o seu progreso. Deste modo propuxeron un ensino básico obrigatorio que permitira superar a ignorancia e as supersticións que tanto criticaron autores como Feijoo, defensores dun cristianismo racional e crítico.

Ao longo do século XVIII estes principios ilustrados inspiraron proxectos reformistas que, con impacto limitado dado que o movemento foi feble en comparanza con outros países europeos, renovaron a cultura e a economía española:

- ◆ Na primeira metade do s. XVIII destaca o labor intelectual crítico co pensamento tradicionalistade algúns ilustrados como o padre Feijoo e Mayans.
- ◆ Na segunda metade do século o reinado de Carlos III (1759-1788) é o exemplo do despotismo ilustrado en España. Esta forma de goberno intentaba desenvolver políticas reformistas inspiradas nos principios ilustrados sen renunciar ao absolutismo político. Carlos III, que tivera contacto coa Ilustración en Nápoles,

¹Os pensadores da ilustración radical francesa chegaron a cuestionar os principios que sostían o sistema político absolutista. Este é o caso da división de poderes defendida por Montesquieu e o principio da soberanía nacional establecida por Rousseau no seu *Contrato Social*.





rodeouse de políticos ilustrados como o conde de Aranda, o conde de Floridablanca, Campomanes, Jovellanos ou Olavide para impulsar os seus plans de modernización. Campomanes, ministro de Facenda, criticou as propiedades rurais amortizadas en mans da Igrexa e patrocinou as Sociedades Económicas de Amigos do País. Tamén destaca Olavide, intendente de Andalucía, que planificou as colonizacións de Serra Morena e cuxas opinións críticas coas supersticións relixiosas, fixeron que fose condenado pola Inquisición.

O temor provocado na Coroa pola Revolución Francesa motivará a paralización da axenda reformista e o abandono da Corte algúns colaboradores ilustrados como Campomanes e Jovellanos. Con todo, da Ilustración nacerá o foco de pensamento liberal español que será protagonista a partir de 1808 e apostará pola ruptura co Antigo Réxime.

